

# PIN CUSHION

[Deborah Haywood, 2017]



**PASE ÚNICO EN NUMAX:** 26.01.2018 | 17:00 | V.O.S.E.

*Pin Cushion* (2017, 82')

Dirección: Deborah Haywood

Guión: Deborah Haywood

Elenco: Lily Newmark, Joanna Scanlan, Loris Scarpa, Sacha Cordy-Nice, Bethany Antonia, Saskia Paige Martin, Sophia Tuckey

Son: Ben Baird

Montaxe: Nick Emerson

Vestuario: Andy Blake

Dirección de arte: Ellie Smith

Música: Natalie Holt

Fotografía: Nicola Daley

Produtoras: Dignity Film Finance, Pin Cushion Film

Company, Rosevine Films (Reino Unido)

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

## FILMOGRAFÍA

*Twinkle, Twinkle*, 2013 [curtametraxe]

*Biatch!*, 2011 [curtametraxe]

*Sis*, 2011 [curtametraxe]

*Tender*, 2009 [curtametraxe]

*Lady Margaret*, 2007 [curtametraxe]

## PREMIOS E FESTIVAIS

Sevilla 2017 (Premio especial Nuevas Olas), British Independent Film Awards 2017 (Tres nominacións)

## SINOPSE

Unha nai e unha filla comezan unha nova vida noutro pobo. As dúas fan novas amizades pero por moito que se engañen a si mesmas a súa nova vida non vai tan ben como quererían. Para fuxir de todo iso dedícanse a mentir e fantasiar.

«Unha historia fermosa e completamente emocionante. Abraiante debut na longametraxe»

Shelagh Rowan-Legg, SCREENANARCHY





INTERNATIONAL  
FILM FESTIVAL  
ROTTERDAM

## PIN CUSHION

[Deborah Haywood, 2017]

### “Memorábel, divertida e desoladora a partes iguais”

Por Jesús Silva

Se hai unha etapa de cambio vital que o cinema ten representado até a saciedade, constituíndo un xénero por si mesmo, esa é a adolescencia. Poderíamos dicir que se trata da experiencia de mutación humana por excelencia, xa que connota ao mesmo tempo alteracións físicas e sociais. Pois ben, cando parecía que non podía aportarse nada novo a este escenario, *Pin Cushion* aparece como unha das máis estimulantes películas iniciáticas das últimas décadas. O debut na longametraxe de Deborah Haywood valeulle polo momento o premio especial de Las Nuevas Olas, ex aequo con *The Wild Boys* (Bertrand Mandico, 2017), e conta tamén con diversas candidaturas para os British Independent Film Awards. A historia céntrase nas desventuras de Lyn e Iona, nai e filla respectivamente, despois de mudarse a unha anódina vila no interior de Inglaterra coa intención de comezar unha nova vida.

A pesar de empregar moitos dos tópicos propios do xénero, o filme sobresaé por unha dirección artística incrivelmente estilizada e unha visión ampla das experiencias de abuso escolar e marxinação social. Haywood non se limita a tratar os casos de bullying na adolescencia, como se fosen prácticas illadas. Pola contra, realiza unha interesante conexión entre as dúas personaxes (que manteñen unha relación un tanto atípica), resaltando a repercusión destas actitudes ao longo da vida dunha

persoa. A súa linguaxe directa e particular dimensión estética, con tendencia ao barroquismo, poden botar atrás a algúns espectadores que busquen un enfoque máis solemne ou convencional. En ocasións, o ton descarnado e o aspecto visual da película chegan a ensombrecer as situacións dramáticas e a complexa problemática que se aborda. Con todo, *Pin Cushion* é unha obra memorábel, divertida e desoladora a partes iguais, que debería marcar o comezo dunha triunfante carreira para a súa realizadora.

Publicado en [www.acuartapared.com](http://www.acuartapared.com)

\* \* \*

### “Resulta máis doado explorar temas tabú a xeito de conto atemporal”

Entrevista con Deborah Haywood

Por Paul O'Callaghan

**Tiñas algún filme en mente cando escribiches o guión?** Vin *Carrie* (Brian de Palma, 1976) hai uns anos, e algo me debeu impactar porque cando relín o guión atopei unha serie de coincidencias nas que non tiña reparado. Revisei o filme cando comecei a traballar coa directora de fotografía, Nicola Daley, e creo que hai unha certa influencia na maneira de gravar. *Sweetie* (1989) de Jane Campion é outra influencia consciente e coido que tamén hai algo de Michael Haneke nalgures.

**A nivel visual en que te inspiraches?**

Unha parte provén dos debuxos de

memorias da infancia, mais o certo é que moitas casas en Swad permanecen así. Non tivemos que redecorar gran cousa as vivendas para gravar. A dona ten un váter ao pé da cama que emprega tamén como mesíña, cun reloxo nel. Quitamos o reloxo porque nos parecía de máis, mesmo para *Pin Cushion*. Queríamos que parecese un filme contemporáneo mais tamén algo fóra do tempo. Quería estar segura de que non se ían ver coches na rúa, por exemplo. Coido que á xente lle resulta máis doado explorar temas tabú se os presentas a xeito de conto atemporal.

**Tes algún consello para aspirantes a**

**cineastas?** Escoita o teu propio interior, porque sabe máis ca ti. Cando rematei o guión decateime de que fora o meu instinto o que dirixira a escrita do guión. Cómpre ser valente e deixarse levar. Que non te atopes nunha residencia con 91 anos laiándote por non ter feito un filme visceral, porque tiñas medo de te trabucar.

**Os filmes dirixidos por mulleres e con protagonistas femininas seguen a ser relativamente raros. Cres que tiveches que afrontar atrancos extra como muller que tenta entrar na industria?** Sentín que me tiña que probar a min mesma. E non tanto por ser eu unha muller como por tratarse dunha narración feminina. A xente pode dubidar se hai público para un filme así, pois a maior parte das películas de éxito teñen heroes masculinos. A min o que máis me dá medo é o feito de que só unha pequena porcentaxe de mulleres conseguen facer un segundo filme. Eu vou poñer todo o meu empeño en conseguilo.

Publicado en [www.bfi.org.uk](http://www.bfi.org.uk)

★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónate  
e ven sempre  
por  
**4,5€**

**Faite  
NUMAX!**